



Literatura negra galega e tradución¹

Iolanda Galanes-Santos²

Recibido: 5 de xaneiro de 2024 / Aceptado: 15 de xuño de 2025

Resumo. Neste artigo analizamos a relación entre literatura negra e tradución no sistema literario galego desde os presupostos da Socioloxía da tradución e os estudos culturais (Sapiro 2008, Heilbron e Sapiro 2016). A partir dos exhaustivos datos do *Catálogo da tradución galega* BITRAGA, elaboramos primeiramente unha panorámica da literatura traducida ao galego ou desde o galego na que se teñen en conta os espazos e as linguas de tradución, o volume de obra traducida, os xéneros e os públicos da tradución directa e inversa de obra literaria galega no período 1975-2020. En segundo lugar, elabórase a panorámica da tradución de literatura negra baixo os mesmos parámetros e, ademais, téñense en conta a súa cronoloxía, autorías, editoriais, coleccións, galardóns recibidos etc. Este artigo ten por obxectivos contribuír á historia da tradución literaria galega sobre datos comprobados e fiables e demostrar a singularidade actual do xénero novela negra no sistema literario galego. O volume de datos de produción e de tradución de obra negra galega e as novas autorías da última década confirman a vitalidade do xénero.

Palabras chave: literatura galega; literatura negra; tradución literaria; socioloxía da tradución.

[es] Literatura negra gallega y traducción

Resumen. En este artículo analizamos la relación entre literatura negra y traducción en el sistema literario gallego desde los presupuestos de la Sociología de la traducción y los estudios culturales (Sapiro 2008, Heilbron y Sapiro 2016). A partir de los exhaustivos datos del *Catálogo de la traducción gallega* BITRAGA, elaboramos primeramente una panorámica de la literatura traducida al gallego o desde lo gallego en la que se tienen en cuenta los espacios y las lenguas de traducción, el volumen de obra traducida, los géneros y los públicos de la traducción directa e inversa de obra literaria gallega en el período 1975-2020. En segundo lugar, se elabora la panorámica de la traducción de literatura negra bajo los mismos parámetros y, además, se tienen en cuenta su cronología, autorías, editoriales, colecciones, galardones recibidos, etc. Este artículo tiene por objetivos contribuir a la historia de la traducción literaria gallega sobre datos comprobados y fiables y demostrar la singularidad actual del género novela negra en el sistema literario gallego. El volumen de datos de producción y de traducción de obra negra gallega y las nuevas autorías de la última década confirman la vitalidad del género.

Palabras clave: literatura gallega; literatura negra; traducción literaria; sociología de la traducción.

[en] Galician Noir Literature and Translation

Abstract. This paper performs an analysis of the relationship between noir literature and translation in the Galician literary system based on the assumptions of the Sociology of translation and cultural studies (Sapiro 2008, Heilbron & Sapiro 2016). From the exhaustive data of the *Catálogo da tradución galega* (Galician translation catalogue) BITRAGA, an overview of the literature translated into or from Galician is firstly made, considering places and languages of translation, volume of translated work, genres, and audiences of direct and inverse translation of Galician literary works in the period 1975-2020. Secondly, an overview of the translation of noir literature is developed within the same parameters and, additionally, its chronology, authorship, publishers, collections, and awards received, etc. are also taken into account. The aims of this paper is to contribute to the history of Galician literary translation based on verified and reliable data and to demonstrate the singularity of the current noir fiction genre in the Galician literary system. The

¹ Este traballo realizouse co apoio económico de BIFEGA - Grupo de investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación (código BiFeGa) da Universidade de Vigo, grupo de referencia competitiva da Xunta de Galicia, GRC 2024-2027, DOG 146, 30/07/2024.

² Universidade de Vigo, Departamento de Tradución e Lingüística. BIFEGA - BITRAGA Grupo de investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación, grupo de referencia competitiva da Xunta de Galicia. Correo-e: iolag@uvigo.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-6149-6068>.

volume of data on the production and the translation of Galician crime fiction works and the authors of the last decade confirm the vitality of the genre.

Keywords: Galician Literature; Noir Literature; Literary Translation; Sociology of Translation.

Sumario. 1. Introducción. 2. Marco teórico. 3. Metodoloxía. 4. O xénero negro na literatura galega. 5. A tradución literaria galega e a tradución do xénero negro. 5.1. Tradución literaria galega contemporánea. 5.2. Tradución de novela negra no sistema literario galego. 5.2.1. Literatura negra traducida a galego. 5.2.2. Literatura negra galega traducida. 6. Discusión. 7. Conclusións. 8. Referencias bibliográficas.

Como citar: Galanes-Santos, Iolanda (2024): “Literatura negra galega e tradución”, en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 27, e104462, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104462>.

1. Introducción

O sistema literario galego experimentou principalmente no novo milenio unha diversificación en xéneros (Vilavedra 2010), entre os que se encontra a chamada literatura negra. Este xénero gañou actualidade nas páxinas de prensa e crítica galega, asociado nalgúns casos ao éxito editorial, e revestido dunha certa polémica sobre a etiqueta que o designa (literatura negra, criminal, policial etc.). É indiscutible que no panorama galego veñen editándose nos últimos anos con notoriedade novelas atribuíbles a el, algunhas con grande proxección comercial como as de Domingo Villar (Rivero Grandoso 2011, Sánchez Zapatero 2014 e Galanes 2023), Pedro Feijoo ou Arantza Portabales. Estes ecos levaron, tamén, a algunha reflexión sobre os subxéneros temáticos (ou modalidades) do negro nas letras galegas (Núñez Sabarís 2020).

A repentina desaparición de Domingo Villar en maio de 2022 e a ambientación galega de varios produtos audiovisuais (*O sabor das margaridas*, *Auga seca* etc.) atraeu a atención mediática exterior (Webster Ayuso 2021) e trouxo de novo ás páxinas xornalísticas o asunto do “boom da novela negra galega” (Gómez Melenchón 2022, entre outros). Trátase dunha cuestión recorrente na prensa galega, abordada canda a publicación das sucesivas obras de Villar, especialmente tras o éxito de *A praia dos afogados* en 2009 (*vid.* por ex.

Requeixo 2011 ou Dopico 2012) e tamén en ámbito académico (Vilavedra 2010: 136).

Neste traballo indagamos sobre a relevancia para o sistema literario dese éxito comercial da literatura negra galega e, nalgúns casos, das súas traducións. E tamén sobre se a súa tradución, con repercusión exterior pero tamén no interior, funciona como estímulo para o cultivo dese xénero. Partimos da premisa de que os fluxos de tradución son un excelente indicador da saúde dun sistema literario (Casares 2003: 1) e de que a tradución é un parámetro de medición da posición desa literatura no espazo transnacional (Heilbron e Sapiro 2016: 380). A tradución é, ademais, un factor relevante na consagración de obras, de autorías (Casanova 1999) e tamén de xéneros e sistemas literarios (Sapiro 2008, Sapiro 2024: 40). Por iso formulamos, en concreto, as seguintes preguntas: Existe realmente un *boom* da novela negra no sistema literario galego? Gardan relación a creación e a tradución de novela negra no caso galego? Cal é a *ratio* de tradución directa e inversa de novela negra? É esta *ratio* singular? Que figuras do xénero están mellor situadas no espazo nacional e transnacional? Cales son as estratexias editoriais que as posicionan? E como estas se poderían mellorar? En definitiva, trátase de saber o lugar que ocupa a narrativa negra neste sistema e que proxección ten.

Para achegar unha resposta a esas preguntas, dotámonos dun marco teórico e unha metodoloxía (apartados 2 e 3), realizamos un percorrido do xénero nas letras galegas (apartado 4), contrastamos os datos de tradución directa e inversa (a ou desde o galego) de novela negra cos grandes números da tradución literaria galega contemporánea, sobre datos comprobados do *Catálogo da tradución galega* BITRAGA (Biblioteca da Tradución Galega)³ (apartado 5). A discusión, as conclusións desta análise e as referencias bibliográficas (apartados 6, 7 e 8) pechan este artigo.

2. Marco teórico

A historia da cultura e da lingua está vinculada, entre outros factores, ao desenvolvemento da súa literatura. A expresión literaria é un obxecto privilexiado da súa transmisión e esta está condicionada polos factores sociais, políticos

³ Formo parte do equipo BITRAGA (Biblioteca da Tradución Galega) desde a súa fundación en 2003. En adiante, Catálogo BITRAGA. Accesible desde: <http://bibliotraducion.uvigo.es/bibliotraducion/> [consulta: 03/01/2024].

e económicos de cada comunidade cultural. Estas circunstancias teñen o seu reflexo na produción do catálogo literario, na constitución do canon e tamén na súa difusión interna e externa. A creación do catálogo literario é especialmente relevante nos procesos de normalización cultural (e lingüística) de culturas emerxentes. No caso galego, Vilavedra (2010) sinala a década de 1990 como aquela na que se produce na narrativa galega a ruptura cos modelos estéticos anteriores. Nesta etapa de madurez, prodúcese unha diversificación de xéneros do sistema literario galego (policial, ficción científica e novela histórica, segundo Vilavedra, aos que cabería engadir outros coma a novela histórica e o xénero fantástico). Nesa normalización cultural, a tradución literaria xogou tamén un papel relevante (Fernández Rodríguez *et al.* 2012) especialmente a partir da década de 1980.

Para saber o lugar que ocupa a narrativa negra no sistema literario galego, analizamos o catálogo literario de creación e tamén o de tradución, baixo a premisa de que o sistema introduce, a través da tradución, novidades que poden cubrir unha lagoa de produción ou que reforzan un determinado discurso (Even-Zohar 1999: 225). No apartado de creación, interesa coñecer o corpus de obras deste xénero, establecer unha periodización a partir de traballos anteriores (Vilavedra 2010; Forcadela s.d.; Tizón Barral 2022) e reflexionar sobre se é posible definir a súa diversificación en subxéneros (Núñez Sabarís 2020). No referido á tradución, adoptamos o modelo de análise de fluxos de tradución (Sapiro 2008: 45 e ss.) que permite coñecer non só a saúde dun sistema literario e a súa posición no sistema mundial da tradución (SMT) (Heilbron e Sapiro 2016: 380), senón tamén realizar unha achega sistémica deste xénero para saber como se fai ese intercambio, a que necesidades responden esas traducións, en que direccionalidade se traduce, quen as realiza, quen as edita, cales son as condicións de partida da cultura orixinal e da(s) cultura(s) meta, cal é a política institucional de tradución (ou a súa ausencia), así como a recepción das traducións.

A diversificación de xéneros, coma a novela negra, é un dos grandes asuntos da Historia da literatura galega recente (Rodríguez Alonso 2004: 121, Vilavedra 2010: 105). No caso do xénero negro (policial, criminal ou de intriga) a súa presenza no sistema literario galego viuse reforzada ultimamente no plano académico por diversas achegas, sobre as

autoras do xénero (López 2019), sobre varias figuras detectivescas (Pousada Pardo 2016) ou sobre a obra dun determinado autor, como é o caso de Manuel Rivas (Lama López 2014) ou de Domingo Villar (Rivero Grandoso 2011, Sánchez Zapatero 2014). Destacan pola súa abordaxe sistémica do xénero, as achegas de Vilavedra (2010: 109-136), xunto ao ensaio sobre cartografías literarias de Núñez Sabarís (2020) e mais Tizón Barral (2022), que realiza un inventario descritivo de autorías e obras. Resulta tamén relevante o capítulo “Y entonces llegó Domingo Villar”, que Diego Ameixeiras (2023) escribe no libro de homenaxe ao escritor finado. Aínda que algúns medios de comunicación se fixeran eco desta emerxencia temática en termos de *boom de novela negra*, non faltan desde a crítica voces que o negan e cualifican o fenómeno de literatura policial (que non negra), con autorías e obras publicadas nos últimos anos de modo illado (Lorenzo Gil 2020, entre outros), é dicir, sen que exista nexos entre elas.

Neste traballo analizamos a tradución da narrativa negra no sistema literario galego da instauración da Autonomía de Galiza á actualidade, desde o marco da Socioloxía dos estudos culturais e da tradución (Sapiro 2008). Tentamos singularizar o xénero novela negra na literatura galega a través dos datos de creación e de tradución. Partimos de que a tradución, xunto cos premios, é un dos mecanismos de consagración de autorías e obras (Casanova 1999, Sapiro 2024) e aventuramos que tamén o pode ser do xénero negro (Bokobza 2008). Interesa, por iso, coñecer se as dinámicas de tradución de obra deste xénero son semellantes aos grandes números da tradución literaria galega contemporánea (Galanes Santos 2024) ou se, pola contra, presentan algunha singularidade. A nosa análise de fluxos de tradución literaria realízase segundo os parámetros: volume de obra traducida, dirección, cronoloxía, autorías, galardóns recibidos etc. Este traballo pretende contextualizar de modo sistémico a produción e a tradución de literatura negra en Galiza, baixo a hipótese de que a tradución contribúe a lexitimar o xénero no seu conxunto.

3. Metodoloxía

A formulación de traballos sistémicos sobre un determinado xénero literario, así como os de fluxos de tradución, esixe dotarse de ferramentas cuantitativas que dean apoio ás súas conclusións.

Para a análise de fluxos da tradución literaria galega contemporánea botamos man do catálogo BITRAGA, que permite elaborar unha panorámica certa sobre volume e cronoloxía de traducións, direccionalidade, xéneros e públicos, así como analizar as tendencias.

Para fixar o volume de obras de literatura negra galega e as súas traducións, constituímos o *Corpus: Literatura negra galega (creación e tradución)*, que conta na actualidade con 188 obras literarias galegas (creación) en formato libro, con 96 traducións de novelas negras estranxeiras ao galego e con 99 traducións de obra galega negra a outros idiomas. Esta compilación realizada *ad hoc*, é froito dunha investigación que bebe de achegas anteriores. Nese sentido son relevantes o capítulo “Galiza” (González Gómez 2002: 76 e ss.) do ensaio *A novela policial*; o capítulo “Nace o policial” en Vilavedra (2010: 109-136); o documento “Sobre a novela negra galega” (Forcadela s.d), a cartografía literaria de Núñez Sabarís (2020), os artigos de Dopico (2012) e López (2019) e mais o capítulo de Tizón Barral (2022), así como a clasificación das obras en diversos catálogos de biblioteca, que as inclúen neste xénero. Ademais, Núñez Sabarís (2023a) publicou a base de datos “Ficción policial e negra galega”, con 103 rexistros entre os que figuran, ademais de obras escritas orixinariamente en galego, pezas cinematográficas e series de televisión, xunto a algunha crónica. A partir destas referencias, construímos a nosa propia compilación de obras articulada en 3 subcorpus (creación, tradución directa e tradución inversa) co que é posible establecer unha panorámica actual de autorías, obras e subxéneros que cultivan ou cultivaron a literatura negra en galego en creación ou tradución, que é obxecto de comparación coa panorámica da tradución literaria galega contemporánea (Galanes Santos 2024).

4. O xénero negro na literatura galega

A partir de Vilavedra (2010), de Núñez Sabarís (2020) e de Ameixeiras (2023) pódese establecer unha historia da novela negra galega, como xénero que xorde na década de 1980 co obxecto de buscar novos públicos e que ten continuidade na década seguinte coa exploración de fórmulas híbridas. Para esta primeira etapa, Forcadela (s.d.) sinala tres

fitos na emerxencia do xénero no século pasado. A publicación de *Crime en Compostela* (1984) de Carlos G. Reigosa, que é a novela fundacional da narrativa negra galega⁴; a de *A man dereita* (1994) de Aníbal Malvar, baixo o modelo de novela-denuncia e, por último, a de *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000) de M.^a Xosé Queizán, que introduce parodia e subversión de xénero. Pola súa banda, o escritor Diego Ameixeiras (2023: 79-80), no seu capítulo sobre Domingo Villar, fai un percorrido pola traxectoria do xénero antes de Villar, nel distingue e resume as dúas subetapas iniciais do xénero en galego. Se na década de 1980 se desenvolve a literatura negra en paralelo ao proceso de normalización lingüística, na de 1990 prima a crítica social ambientada nos arrabaldes urbanos, no rural en crise ou no mundo do narcotráfico.

É posible, pois, establecer con base no noso *Subcorpus 1 Creación literatura negra galega*, unha etapa inicial, até 1989 na que comeza a cultivarse o xénero, con autores (todos homes) coma Carlos G. Reigosa, Román Raña, Miguel Suárez Abel, José Mondelo, Roque Morteiro (pseudónimo de Xelís de Toro), Antón Risco, Manuel Rivas ou Xavier P. Do campo, na que salientan *Crime en Compostela* de Carlos G. Reigosa, gañadora da 1ª edición do premio Xerais (1984), e *O crime da rúa da Moeda Vella* de Román Raña, acreedora do Premio Blanco Amor (1989).

Na década de 1990 e até 2005 vanse incorporando outras autorías, principalmente masculinas coas únicas excepcións de Laura Caveiro (*Polas inmensas e alleas fortunas*, 1995), M.^a Xosé Queizán (*Ten o seu punto a fresca rosa*, 2000), Marilar Aleixandre (*Unha presa de terra*, 2001), M.^a Xosé Porteiro (*Covardes*, 2002) e An Alfaya (*Matei un home*, 2005). Nese período incorpóranse ao xénero autores provenientes do eido poético (como Forcadela ou Ramiro Fonte) ou doutros xéneros narrativos (coma Suso de Toro, Ramón Caride, Bieito Iglesias, Luis García Mañá ou Xavier López López) xunto a autores exclusivamente do xénero (coma Diego Ameixeiras ou Miguel Anxo Fernández) actualmente activos no panorama literario. De entre os fitos sistémicos desta etapa destacamos a atribución do Premio nacional da crítica (1994) a Xurxo Borrazás por *Criminal*, o premio García Barros a *A man dereita*

⁴ Aínda que Tizón Barral (2022: 132) e González Gómez (2002: 76) sinalan outras obras como antecedentes.

(1994) de Aníbal Malvar e o premio Xerais 1995 a este mesmo autor por *Unha noite con Carla*. Outro dos fitos, alén dos premios e da emerxencia de autorías exclusivamente deste xénero, é a creación de coleccións editoriais específicas, pois é precisamente nesa década de 1990 o momento no que as dúas únicas coleccións dedicadas á literatura negra nas letras galegas (a colección Cómplice de Edicións do Cumio e a colección Negra de Xerais)⁵ estiveron máis activas.

Estes alicerces do xénero en galego non gozaron dunha recepción crítica entusiasta (González Gómez 2002: 76) e, quizais por iso, produciuse unha posterior volta á hermenéutica do xénero que, en opinión de Vilavedra (2010: 136), é a clave para explicar o éxito de autores como Diego Ameixeiras, Miguel Anxo Fernández ou Domingo Villar, que realizan propostas seriais. No novo milenio o fito acadado, en termos sistémicos, é a internacionalización da novela negra galega encarnada na figura de Domingo Villar, que con *Ollos de auga* (2006) e, sobre todo, *A praia dos afogados* (2009) acada repercusión e novos públicos (Galanes 2023), e puxo Galiza no mapa literario internacional (Domínguez 2019: 94), sen terse separado do canon.

Avec l'œuvre de Villar, on peut parler de l'émergence d'un polar galicien tant l'ambiance, les personnages, les lieux incarnent (parfois presque à outrance) l'identité de cette région. Mais, hormis cet ancrage identitaire, rien dans l'écriture de cet auteur –certes très habile dans la construction de ses intrigues– ne vient renouveler les canons du genre. (Guyard 2010: 5)

Na última década, o fenómeno non fixo máis que alargarse grazas ao éxito interior e exterior das sucesivas obras de Villar (Galanes 2023), especialmente da policial. A súa obra hoxe ten

35 reimpresións en galego, 59 edicións en español (Novás 2024) e suma 27 traducións, ademais de varias reedicións destas (en español, inglés, francés, neerlandés e alemán), de edicións en formato peto (en español, inglés, alemán e francés) e de adaptacións transmediais⁶.

Esta repercusión fixo emerxer un público de novela negra que animou a que se incorporasen ao xénero outras autorías a ritmo exponencial como se pode percibir no gráfico seguinte elaborado a partir do *Subcorpus 1. Creación literatura negra galega*.




Gráfico 1. Creación literatura negra galega (1980-2024).
Elaboración propia

A partir do éxito das dúas primeiras obras de Domingo Villar (2006-2009), ábrese a 2.^a etapa na creación de novela negra galega que se confirma nos tres lustros posteriores tanto na obra serial dos autores citados, coma nas sucesivas publicacións de Carlos G. Reigosa e, sobre todo, coa incorporación de novas autorías como Pedro Feijoo, Arantza Portabales, Antonio Tizón, Xabier Quiroga, Manuel Esteban, Beto Luaces, Blanca Riestra, ou Álex Alonso, que hoxe en día gozan de recoñecemento e de éxito comercial. A esa nómina hai que engadir autorías provenientes doutros xéneros que tamén publican agora narrativa negra, como Fran Alonso, Francisco Castro, Leticia Costas, Elena Gallego Abad, María López Sánchez, Rocío

⁵ Na colección Cómplice (1989-2008) publicáronse 15 títulos e 2 reedicións de literatura negra de creación e tradución. Na colección Negra (1989-2001) de Xerais editáronse 15 títulos e 1 reedición, principalmente de autorías galegas (creación) e só unha tradución do español (*O fracaso de Clayton* de Darío Álvarez Blázquez en tradución de M.^a Dolores Cabrera). En Cómplice ven a luz, entre outros, obras de Forcadela, Ramiro Fonte, Darío Álvarez Gándara etc. e en Negra publican Roque Morteiro, Suso de Toro, Carlos Reigosa, Aníbal Malvar, Xosé Fernández Ferreiro, Laura Caveiro ou Jaureguizar.

⁶ Ademais da película *La playa de los ahogados* (2015) de Gerardo Herrera, estase a gravar neste momento en Vigo unha serie de TV sobre o comisario Leo Caldas con guión elaborado en parte por Villar (*vid.* Melchor 2025). Existiu tamén un proxecto audiovisual da 1.^a obra, *Ollos de auga* (2006), que non chegou a termo (Salgado 2022a). Tamén é transmedialidade a representación da obra de teatro *Síbaris*, estreada en setembro de 2023, así como os soportes alternativos nos que se publica a súa obra (audiolibros en sueco e español), as rutas literarias (<https://turismoriasbaixas.com/gl/rutas-e-plans/cultural/roteiro-literario-polos-escenarios-de-domingo-villar> [consulta: 03/01/2024]), o *Mapa literario de Vigo. Roteiro Domingo Villar* da Biblioteca pública Neira Vilas de Vigo (<https://bibliotecaneiravilas.vigo.org/events/feira-do-libro-mapa-literario-roteiro-domingo-villar/> [consulta: 03/01/2024]), os xogos de *scape room*, etc.

Leira, Manuel Núñez Singala, Carlos Meixide, Antonio Piñeiro, Alberto Ramos ou María Solar, algunhas delas provenientes da LIX (literatura infantil e xuvenil). Xunto a estas emerxen novos valores que nos últimos anos publican por primeira vez novelas dese xénero, moitos/as tras recibir distincións en ámbito galego. Entre as incorporacións podemos citar a María Alonso Alonso, Valentín Alvite, Ramón Area, Lito Vila Baleato, Rafa Cabeleira, Diego Casal, Rodrigo Cota, Diego Giráldez, Pablo Fernández Barba, Lucía Ferro, Adrián Gómez Ramos, Toño Guede, Paco Morgan, Cándido Paniagua, Irene Rega, Óscar Senra, Xosé María Santín, Xulio Teixeira, Virxilio Rodríguez, Sara Vila ou Marta Villar. A nómina de autorías medrou exponencialmente nas tres últimas décadas e nelas incorporáronse ao xénero máis mulleres que na etapa anterior.

Un dos factores de canonización do xénero é a concesión de premios a novelas deste tipo. Sen sermos exhaustivas, contabilizamos até 30 obras deste xénero premiadas en Galiza, o que non deixa dúbidas da súa vixencia no panorama literario por seren estes premios a vía de entrada no sistema literario galego. Nese sentido, resulta representativa a presenza de varias obras galardoadas co Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* coma *Acio sanguento* de Carlos Freire en 2005, *Mercurio* de Emilio Alonso Pimentel en 2008, *Historias de Oregón* de Diego Ameixeiras en 2011, *A punta de pistola* de Fran Alonso en 2012, *O corazón da Branca de Neve* de Francisco Castro en 2013, *Sobrevivindo* de Arantza Portabales en 2015 e *Noire Compostela* de Blanca Riestra en 2016. Quizais este formato breve por entregas, serial e para un público xeral coma a *pulp fiction* (Lemaitre 2020: 580 e ss.), favoreceu que se apostase por esta temática, pois sete das dezasete entregas deste galardón son literatura negra⁷. Mais o xénero ten presenza tamén noutros certames, coma o premio Risco de creación literaria (*Transición* de Pablo Fernández Barba en 2015), o premio Losada Diéguez de creación (*Conduce rápido* de Diego Ameixeiras en 2015), o Premio de Novela Camiño de Santiago (*Camiño de paixóns* de Carlos Meixide en 2018), o premio Torrente

Ballester (*Granito* de Álex Alonso en 2020), o premio Raíña Lupa (*Antía e Daren: o misterio dos torques roubados* de Valentín Alvite en 2020), o Premio de novela Vilar Ponte (*Tecendo redes* de Irene Rega en 2022) o premio Illa Nova de narrativa (*A malferida* de Irene Rega en 2022), entre outros. Mención á parte merece o prestixioso premio Xerais que, ademais de distinguir a Malvar en 1995, tamén se lle concedeu a: *Tres segundos de memoria* de Diego Ameixeiras en 2006; *A ira dos mansos* de Manuel Esteban en 2016; *A Culpa* de María Solar en 2022; *Ninguén contará a verdade* de Pedro Feijoo na edición de 2023, en que a obra finalista é tamén outra novela negra (*A rede branca*) de Paco Morgan ambientada en Vigo; e tamén o recibiu *Detective Ferruchi* de Marta Villar en 2024. En definitiva, nos últimos anos, non só medrou a produción de literatura negra en galego, senón que esta recibiu recoñecemento a través dos principais galardóns literarios galegos. Ademais de Villar, que se fixo acreedor en vida de moitos premios de ámbito galego e estatal (Galanes 2023), a figura máis destacada do xénero é Diego Ameixeiras, distinguido co Premio nacional da crítica en 2021 (por *O cervo e a sombra*).

No plano académico o fenómeno literario tentou ser formalizado por Núñez Sabarís (2020), que no seu ensaio establece tres subxéneros ou modalidades con base en criterios xeográficos: *Thriller xacobeo*, *Vigo noir* e *narcovelas*. A elas cabería engadír o *country noir* ou novela negra rural, un subxénero de grande atractivo para a transposición audiovisual, por ter a paisaxe como protagonista, e ao que se adscriben algunhas das últimas novidades editoriais, coma *A agonía das folerpas* (2022) de Oscar Reboiras, *Tras do ceo* (2024) de Manuel Rivas, *Asasinato na casa rosa* (2025) de Arantza Portabales ou *Onde nacen as bestas* (2025) de Pedro Feijoo, todas elas autotraducidas ao español. Na actualidade, a intermedialidade da narrativa negra galega comeza ser estudada (Núñez Sabarís 2023b) a raíz do éxito de varias producións audiovisuais ambientadas en Galiza ou de autoría galega, das que se fixo eco non só a prensa galega e española, senón tamén a doutros países (Webster Ayuso 2021).

⁷ O Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia*, con patrocinio de El Corte Inglés, tivo 17 edicións entre 2001 e 2017. Estaba destinado a orixinais inéditos en galego en 31 entregas de non máis de 3 500 caracteres que se publicaba diariamente no xornal durante o mes de agosto. A súa dotación económica estivo entre os 6 000 e os 10 000 euros.

A tradución e a recepción exterior de obra galega deste xénero é tamén obxecto de atención dalgúns traballos académicos (Linares 2021, Miranda Rodas 2023 ou Galanes 2023). Estas achegas académicas vense complementadas pola repercusión mediática que as novelas do xénero foron tendo na crítica galega e da que dá conta o citado capítulo de Vilavedra (2010), así como algunha peza xornalística (por ex. Dopico 2012). Os xornais xeneralistas publican informacións en torno ao que se deu en denominar o *boom da novela negra galega* (Gómez Melenchón 2022, entre outros) e acompañan, así, o lanzamento das sucesivas obras de Villar, Portabales, Feijoo, Luaces, Esteban etc.⁸. Mais esta cualificación, bastante comercial, non tivo unha aceptación unánime por parte da crítica literaria (sirvan de exemplo, Requeixo 2011 ou Lorenzo Gil 2020), como tampouco tiveran recoñecemento na 1.^a etapa por motivos de verosimilitude e formais (González Gómez 2002).

Varios son os debates que subxacen á existencia dun suposto *boom* de narrativa criminal no sistema literario galego e algúns deles son connaturais ao propio xénero. A primeira das cuestións é se se trata dun xénero merecente da atención dos estudos literarios académicos, dada a súa humilde orixe e mais o seu carácter popular, principalmente, comercial. Esa diatriba entre a literatura popular e a alta literatura está presente nalgúns das críticas citadas para o sistema galego e figura tamén noutros sistemas, coma o francés (Bokobza 2008: 291). Esa consideración de literatura de menor categoría tamén se fai patente á hora da tradución, pois no mercado transnacional as traducións do xéneros comerciais adoitan ser menos esixentes e realízanse ás veces a través dunha lingua “pasarela” distinta do orixinal (Sapiro 2024: 60-61). No caso da literatura francesa, o nacemento dunha colección na prestixiosa editorial Gallimard en 1945 da man de Marcel Duhamel (vid. a entrada *série noire* en Lemaitre 2020: 642 e ss.), a tradución como mecanismo de canonización e a incorporación de elementos

proprios da sociedade, son os factores que dignificaron o xénero negro. Este xénero adquire no século XX un carácter reivindicativo e de crítica social. Esa crítica constitúe o motor tanto da novela negra norteamericana (Chandler, Hammett etc.), coma do *néopolar* francés desenvolvido a partir dos anos 70 e tamén da narrativa nórdica, que ofrece unha visión crítica do sistema do benestar escandinavo desde finais dos anos sesenta (vid. a entrada Sjöwall e Wahlöö en Lemaitre 2020: 669). Esa case ausencia de crítica nas novelas negras do sistema literario galego é unha das eivas da literatura negra galega sinalada polos seus detractores (González Gómez 2002, Lorenzo Gil 2020).

A segunda das cuestións, non menor, é a denominación e a delimitación do xénero e dos subxéneros ou modalidades. Non parece existir consenso no noso ámbito sobre a terminoloxía que denomina este tipo de novelas, nin sobre a xerarquía entre novela negra, novela criminal, novela policíaca, novela enigma, novela de intriga⁹ etc., como mostra da inestabilidade do xénero (Forcadela s.d.). Trátase de etiquetas que teñen sentido naquelas literaturas que contan cunha ampla tradición no xénero e nas que se foron acuñando as sucesivas denominacións segundo a súa evolución e modalidades¹⁰. Á vista do *Dictionnaire amoureux du polar*, sobre o xénero de Lemaitre (2020: 75-76) existe unha distinción bastante clara entre novela negra e novela policial. Mentres que no primeiro tipo existe un delito que crea alarma e altera a orde social, esta non se restabelece no final da obra. Pola contra, na novela policial o crime é de tipo persoal e a figura (policial, detectivesca ou mesmo xornalística) consegue coa súa acción restabelecer a orde e facer xustiza¹¹. Agora ben, na introdución do *Dictionnaire...* indícase:

Nos voisins méditerranéens ne font pas de distinction entre «roman noir» et «roman policier», et fusionnent les deux genres en *novela negra* en Espagne et *giallo* en Italie, ce qui correspond assez bien à ce que j'appelle génériquement «le polar». (Lemaitre 2020: 11)

⁸ Véxase, por exemplo a recollida de prensa do *Informe de Literatura* 2019 do Centro de Investigación Ramón Piñeiro (accesible desde: <http://www.cirp.gal/rec2/informes/upload/ver/inflit2019.pdf> ([consulta: 03/01/2024])).

⁹ Que é a denominación utilizada por Carlos Reigosa, considerado o iniciador do xénero na literatura galega contemporánea (Capuzzolo 2010: 202).

¹⁰ Véxase, por exemplo, o glosario que González Gómez (2002: 14 e 15) inclúe no seu ensaio sobre a novela policial, no que realiza unha revisión da historia do xénero.

¹¹ O criterio bibliográfico empregado na Biblioteca Nacional de España (BNE) na súa *Guía de la novela policial* (vid. Introducción) plasma esa mesma distinción.

Así pois, parece que no sistema galego a denominación *novela negra* reúne tamén ambos os subtipos e aplícase indistintamente, por máis que Lorenzo Gil (2020) sinala “Novela negra escríbese pouca. Agás Diego Ameixeiras e Bieito Iglesias (na vertente humorística-paródica) case ninguén a cultiva. O que se vende por negro é, en realidade, policial”. O propio Diego Ameixeiras salienta esta confusión terminolóxica cando manifesta nunha entrevista:

Para mí la novela negra tiene más que ver con un tono, con una atmósfera o con un cierto posicionamiento a la hora de mirar la realidad, y no tanto con un determinado tipo de historia o con un determinado tipo de personajes. Es verdad que se tiende a identificar, sobre todo en el mercado, la novela negra con la novela policial. Es la que más se vende y la que más cabida tiene en el mundo editorial. Pero hay un tipo de novela negra que cuenta historias relacionadas con la ética del perdedor, con algunos ángulos oscuros de la sociedad, y que tiene voluntad de crítica social. A mí me interesa escribir desde ahí. Quizás no es lo más comercial para el lector al que le gusta la novela policial en que se le presenta un enigma y se resuelve. (Salgado 2022b)¹²

A confusión entre policial e negra ten a súa orixe no sistema literario español e tamén na popularidade dunha etiqueta divulgativa (*novela negra*) acuñada desde o sector comercial. Outras estudosas, como Losada Soler (2015) ou López (2019), unifican ambas as modalidades (negra e policial) baixo o sintagma *novela criminal*, de orixe anglosaxoa. A esa confusión habería, ademais, que sumarlle a emerxencia de xéneros híbridos (Lahmédi e Feki 2021), tamén presentes na narrativa galega coa denominación *novela mulata* (Tizón Barral 2022), así como a interferencia con outros xéneros como a novela histórica.

Neste traballo decidimos utilizar a coñecida etiqueta comercial *novela negra* para calquera das obras narrativas de creación ou tradución dirixidas a público adulto (mais tamén algunha LIX, que non abordamos neste traballo) nas que, coa participación ou non dunha figura policial, detectivesca ou xornalística, exista unha intriga, unha investigación criminal, un delito ou un crime. Somos conscientes de que a nosa escolla é unha simplificación instrumental e de que nalgún momento será preciso delimitar

subxéneros acordes coa produción literaria e coa tradición literaria galega, mais trátase dunha tarefa que excede o cometido deste traballo.

5. A tradución literaria galega e a tradución do xénero negro

Neste apartado establecemos a panorámica da tradución galega contemporánea (1975-2024), con base nos datos extraídos do catálogo BITRAGA (Galanes Santos 2024), e mais a da tradución de novela negra baixo parámetros semellantes, co obxecto de xerar dúas aproximacións comparables.

5.1. Tradución literaria galega contemporánea

A partir de 1975 ábrese un período de intenso intercambio para a cultura galega que tivo o seu reflexo nun aumento exponencial do volume de traducións ao galego (directas) e desde o galego (inversas) de obra literaria no que chamamos Sistema de Tradución Galega (STG). Os datos de tradución desa etapa, en canto a volume e diversificación de xéneros e espazos, non deixan dúbida de que se trata do momento de maior esplendor na historia da Tradución galega en formato libro. Este período ten as súas bases nunha tradición secular de tradución que, coa cooficialidade do idioma galego (1981), adquire un novo pulo e nutre o sistema literario galego de novas obras, autorías e tendencias.

O editor Carlos Lema (2009: 128) aplica as bases da Socioloxía da tradución ao sistema literario galego e presenta unha visión sistémica da tradución galega, que organiza en tres fases non estritamente consecutivas. A *fase da tradución filolóxica* ten por obxectivo dignificar a lingua e demostrar que é un excelente vehículo de transmisión de obras de elevado capital simbólico. É característica desta fase a importación de referencias literarias prestixiosas, que achen ese capital, coa que se pretende o recoñecemento interior e exterior da lingua. Unha segunda fase, a da *tradución comercial*, iniciada en 1975, na que se produce unha importación masiva de obras para achegar lecturas en galego ao sistema educativo. Iso implica un maior volume de tradución, sobre todo directa; un ritmo de publicación máis rápido; a diversificación de xéneros e subxéneros e o gaño de novos

¹² O subliñado é noso.

espazos ou comunidades culturais coas que se entra en relación. E, por último, establece unha *fase autónoma*, na que o volume da tradución directa (a galego) e inversa (do galego) tenden a equilibrarse e o sistema literario funciona con certa autonomía, sen estar apremado polas urxencias derivadas de construír un catálogo.

A partir de 1975, a tradución ao galego entra no que Lema (2009: 128) denomina *fase comercial* ou de aumento da produción. Neste período abórdanse varios retos, o primeiro deles é dotar de lecturas ao sistema educativo, o que leva a importar textos literarios de todo tipo, que se publican fundamentalmente en coleccións de LIX (Mociño González 2015: 120)¹³, e a establecer a novela como xénero hexemónico. Un segundo reto é o de constituír un catálogo de traducións clásicas, antigas e contemporáneas que acheguen capital simbólico ao repertorio en construción. Por último, o catálogo de traducións debe ser atractivo, polo que nos últimos tempos se tende a publicar traducións de textos, recentes e de éxito, para un público adulto cada vez máis esixente. O desenvolvemento da novela negra en Galiza, en tanto que xénero narrativo, constitúe un bo exemplo deses retos asumidos, principalmente desde o sector editorial nas últimas décadas, con maior ou menor fortuna.

A literatura traducida a ou desde o galego entre 1975 e 2020 suma na base de datos BITRAGA un total de 6 206 obras, das que 4 051 son literatura traducida a galego (tradución directa) e 2 155 son obra galega traducida a outras linguas (tradución inversa), con diferentes ritmos de produción en cada unha das direccións. En ambos os casos, sitúanse no novo milenio as máis altas cotas de tradución, tanto inversa (497 en 2001-2005), como directa (1 235 en 2006-2010), polo que cabe establecer unha periodización interna da tradución literaria galega a partir do ano 2000. O volume de inversa é sensiblemente inferior ao de directa en todos os lustros e a súa proporción rexistra unha media de 34,72 % de inversas sobre o volume total de traducións, é dicir, de aproximadamente un terzo.




Gráfico 2. Tradución literaria galega directa e inversa (1975-2020). Elaboración propia a partir de BITRAGA

A cultura galega traba relación con outras culturas a través da tradución literaria. En BITRAGA recóllense orixinais en 36 linguas distintas que foron traducidas ao galego e traduciuse obra galega a 41 linguas. Os intercambios son bidireccionais en 46 casos e nalgúns é un diálogo consolidado e continuo. Porén, a tradución ten lugar, sobre todo, con culturas expresadas en 10 linguas nas que están escritos os orixinais do 92,11 % das traducións a galego. Na mesma liña, o 92,12 % das traducións de obra galega realízase cara a 10 linguas.




Gráfico 3. Principais culturas da tradución literaria galega (1975-2020). Elaboración propia a partir de BITRAGA

Así pois, a partir destes gráficos poden configurarse dous circuitos de relación. Dunha banda, o da tradución directa, que é de ámbito europeo e no que as linguas de orixe da maior parte das referencias, máis aló do español e do catalán, son o inglés, o francés, o alemán, o italiano, o neerlandés e o danés. Doutra banda, figura o circuito da tradución inversa, que é principalmente ibérico. Ás numerosas referencias de tradución de obra galega a español

¹³ En Mociño González (2015: 120) figuran algúns exemplos deste desvío cara a coleccións galegas de LIX de obra non pensada inicialmente para este público. Cita, entre outros, Franz Kafka con *A metamorfose* seguido de *A sentenencia* (1991), incluídas por Sotelo Blanco na súa colección Infantil e xuvenil. Na colección homóloga Costa Oeste de Galaxia publicáronse *Baixo as rodas* (1997) e *Siddhartha* (1999) de Herman Hesse; *De ratos e homes* (1997) de John Steinbeck; *O alquimista* (1998), *Peregrino a Compostela*. *Diario dun mago* (1998) e *Verónica decide morrer* (2000) de Paulo Coelho ou *Reencontro* (2007) de Fred Uhlman.

e catalán, hai que lle sumar o positivo saldo das traducións de obra galega ao éuscaro e ao asturiano. A relación de tradución coa cultura portuguesa é equilibrada, mais convén indicar que a maior parte das inversas pertencen ao xénero LIX. Aínda que dez das linguas son a fonte ou destino de máis do 90 % das traducións, cómpre salientar tamén que se ampliaron os espazos de tradución a obras literarias doutras linguas¹⁴.

A literatura de LIX foi o motor da tradución galega en ambas as direccións até hai unha década, con relevante protagonismo de empresas como Kalandraka ou OQO. Estas, polo seu innovador modelo de negocio, contribuíron en grande medida á internacionalización das letras galegas, mais a partir de 2005 aumenta notablemente a importación ao galego de obra para público adulto, por efecto dunha política de tradución institucional ambiciosa (2005-2009). En anos posteriores tenden a confluír os volumes de tradución directa para ambos os públicos e aumenta tamén o número de traducións inversas para público adulto, ao mesmo tempo que mingua a inversa de LIX na última década (véxanse 2011-2015 e 2016-2020 no Gráfico 4). A tendencia de futuro é a que se iguale o volume de tradución directa e de inversa, tanto para público adulto como para LIX. Isto é, camínase a que os fluxos en ambas as direccións se igualen e, polo tanto, a que o sistema adquira maior autonomía.




Gráfico 4. Tradución literaria galega por públicos (1975-2020). Elaboración propia a partir de BITRAGA

Á vista dos datos é posible establecer unha periodización da tradución literaria galega nesta fase comercial. Unha primeira etapa de ritmo ascendente, en que se vai consolidando o sistema galego de tradución (SGT), que vai até o ano 2000. Unha segunda fase de

gran crecemento, que vai até o ano 2010, na que se acadan a maior cantidade de traducións en lustros distintos segundo a direccionalidade (2001-2005 para a inversa e 2006-2010 para a directa). É posible formular unha terceira subetapa (2010-2020), caracterizada por un retroceso no volume absoluto de traducións (por efecto da crise económica de 2008 e as súas consecuencias) e por un aumento das traducións para adultos en ambas as direccións con respecto ás traducións de LIX. Albíscanse algúns signos dunha nova fase na historia da tradución galega máis autónoma ao emerxer un público adulto lector máis esixente co catálogo literario galego e mais un tecido editorial especializado, total ou parcialmente, na publicación de traducións (Rinoceronte, Hugin e Munin, Factoría K, Cuatro lunas etc.). Ao mesmo tempo, reformúlanse os catálogos de tradución das editoriais galegas clásicas que introducen nos seus catálogos autorías de actualidade (por ex. as obras dos premios Nobel). Nesta nova etapa téndese a traducir directamente da lingua orixinal (sen que medie outra tradución) e tamén a confiar a tarefa a profesionais da tradución. É neste contexto no que a tradución e a creación de xénero negro en Galiza colle pulo.

5.2. Tradución de novela negra no sistema literario galego

Os datos de tradución de novela negra compilámoslos no noso corpus de modo discriminado segundo a direccionalidade. Deste xeito, constituímos o *Subcorpus 2: Literatura negra traducida a galego*, que recolle 96 obras estranxeiras de literatura negra traducidas ao galego e mais o *Subcorpus 3: Literatura negra galega traducida*, no que rexistramos 99 traducións, a partir da información das principais bibliotecas, editoriais, autorías e catálogos. Trátase, polo tanto, de datos de tradución comprobados.

5.2.1. Literatura negra traducida a galego

Para establecer *Subcorpus 2: Literatura negra traducida a galego* partimos de dúas fontes. Dunha banda, a centena de referencias de literatura negra tiradas da guía bibliográfica do xénero da Biblioteca Nacional de España, *Novela*

¹⁴ Outras culturas (sueca, rusa, finlandesa, checa, islandesa, asturiana, bretoa, gaélica, sarda, árabe ou grega) ampliaron o catálogo galego con traducións, moitas delas vertidas directamente desde a lingua orixinal ou con apoio de nativos/as desas culturas.

policiaca: guía de recursos bibliográficos, editada en 2014 coas referencias fundamentais do xénero en España (48 de novela angloamericana, 20 de novela europea; 21 de novela española/latinoamericana e 12 de novela xaponesa). Doutra, o xa citado *Dictionnaire amoureux du polar*, de Pierre Lemaitre, editado en 2020, que recolle aproximadamente unhas 220 referencias de autorías e obras da narrativa negra internacional, seleccionadas segundo o criterio estético de Lemaitre como coñecedor e cultivador do xénero novela negra¹⁵. A actualidade e a compleción das fontes xustifican a pertinencia do noso corpus.

Na actualidade, pódense ler en tradución ao galego 96 obras de novela negra, que se foron traducindo entre 1985 e 2024. As linguas orixinais son novelas editadas en inglés, español, italiano e francés e as autorías máis representadas son Conan Doyle (34 traducións), Agatha Christie (8 traducións), María Oruña (5 traducións), Dolores Redondo (5 traducións) e, por último, Andrea Camilleri e Jim Thompson (cadaquén con 3 obras traducidas). A proporción por linguas é a seguinte:

Lingua	Volume	Porcentaxe
ENG	61	63,54%
ESP	22	22,91%
FR	6	6,25%
IT	4	4,16%
CAT	1	1,04%
DE	1	1,04%
VARIAS	1	1,04%

Gráfico 5. Linguas orixe da literatura negra traducida ao galego (1980-2024). Elaboración propia

Os lustros nos que rexistramos máis traducións de novela negra son 1995-1999 e 2010-2014 (*vid.* Gráfico 8 *infra*), estes períodos marcan dúas épocas de tradución de novela negra que veñen coincidir coa creación de coleccións

específicas para este xénero (coma as coleccións Sherlock Holmes ou Agatha Christie da editorial Galaxia, Cómplice de Edicións do Cumio e Negra de Xerais) ou ben coa confluencia no mercado de editoriais e selos consagrados á tradución ou nos que esta ocupa un lugar relevante (coma Rinoceronte, Morgante, Hugin e Munin Ffactoría K, Bululú ou El Patito editorial) e, polo tanto, coas dúas etapas estabelecidas para a creación de negra, aínda que cun leve atraso.

No que se refire ao labor das novas editoriais implicadas na tradución, é destacable no ámbito da literatura negra o papel de Hugin e Munin, cuxo director, Alejandro Tobar, toma a iniciativa de publicar obras clásicas do xénero, como Hammett en 2016 ou Chandler en 2019 até daquela ausentes do catálogo de tradución galega. As traducións de obra de Patricia Highsmith, de Boris Vian e de Fred Vargas, acometidas polo selo editorial Ffactoría K, ou de Pierre Lemaitre publicada por Rinoceronte editora¹⁶, supoñen un esforzo por actualizar o catálogo, se ben hoxe só podemos ler en galego unha obra negra de cada unha destas autorías.

Outra das características distintivas da tradución da segunda etapa (no novo milenio) é a profesionalización da tradución. Iso atinxe, tanto a que os tradutores/as exerzan esta tarefa de modo profesional (é o caso dos prolíficos/as Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Isabel Soto, Moisés R. Barcia, Antía Veres ou Alejandro Tobar), como a que desde 2000 se tende a asociar os mesmos nomes de profesionais da tradución a determinadas autorías, tanto nas coleccións autorais (Isabel Soto é a tradutora de Agatha Christie ao galego, Bieito Iglesias e Manuel Vázquez son responsables de boa parte das traducións de Conan Doyle), como nas coleccións xenéricas (Eva Almazán é a tradutora de 2 obras de Camilleri en Galaxia e das 3 traducións galegas de Jim Thompson en Rinoceronte; César Lorenzo Gil traduce 3 obras de María Oruña para Aira Editorial; Ramón

¹⁵ Aínda que a selección destas fontes documentais puidese levar consigo un nesgo occidental, pois recollen obras do xénero coñecidas ou editadas en España e Francia, a ampla tradición do xénero en Francia e a centralidade internacional do seu mercado editorial aseguran a representatividade do corpus.

¹⁶ En 2016 Diego Ameixeiras traduce *Red Harvest (Colleita vermella)* de Hammett e en 2019 Ameixeiras e o propio Alejandro Tobar verten ao galego *The Long Goodbye (O longo adeus)* de Chandler para Hugin e Munin. A obra de Boris Vian, *J'irai cracher sur vos tombes (Cuspírei nas vosas tumbas)* foi traducida por David Gippini en 2007; *L'homme aux cercles bleus (O home dos círculos azuis)*, de Fred Vargas, foi traducida por Antía Veres en 2020 e *The talented Mrs. Ripley (O talento do señor Ripley)* de Patricia Highsmith por María Alonso Seisdedos en 2022, todas elas están publicadas por Ffactoría K. Pola súa banda, Rinoceronte publica en 2019 *Trois jours et une vie* en versión galega de Moisés Barcia (*Tres días e unha vida*).

Nicolás traduce 2 obras de Dolores Redondo para Xerais etc.). Outra das innovacións nos últimos tempos é o inicio de traducións do xénero en soportes alternativos á monografía, como a novela gráfica baseada en literatura negra ou as adaptacións ao formato de novela infantil¹⁷. Así, podemos citar as traducións de novelas que teñen por protagonista a Sherlock Holmes (orixinalmente de Conan Doyle) adaptadas para público LIX por Stephanie Baudet con ilustracións de Arianna Bellucci e publicadas por Bululú entre 2021 e a actualidade¹⁸.

Aínda que o catálogo de traducións de novela negra semella bastante completo grazas á intensa implicación do sector editorial, quixemos analizar tamén até que punto este é realmente representativo do xénero. Para iso, contrastamos os datos de tradución coas correntes e autorías citadas nun pequeno ensaio sobre xénero (González Gómez 2002) organizadas en distintos períodos. Tras o contraste podemos afirmar que existe tradución galega de obras de todas as etapas consideradas por este crítico. Así, existe algunha tradución galega dos precursores (Poe), dos pioneiros (Conan Doyle e Sherlock Holmes), do crime como diversión (Leroux), da novela enigma (Agatha Christie), da novela negra norteamericana (Hammett e Chandler) ou da novela negra francesa (Simenon)¹⁹, mais estas autorías están infrarrepresentadas no STG. Pois das 60

referencias de creación de Conan Doyle, só 27 delas foron traducidas ao galego (sete delas son retraducións ou adaptacións)²⁰; dos 95 libros de Agatha Christie, só oito teñen tradución galega; das sete obras de Chandler, só podemos ler *O longo adeus* en galego; das seis obras publicadas por Hammett, só hai unha traducida a galego, e así un longo etcétera. Son escasas as traducións seriais, máis aló de Holmes, Poirot ou Miss Marple, que teñen unha presenza discreta nas letras galegas, e son moitas as series das que só temos unha única mostra (por ex. de Simenon, de Vargas ou de Highsmith).

Hai, ademais, moitas outras autorías representativas do xénero que están ausentes do catálogo galego, como é o caso dalgúns clásicos Gaboriau, Leblanc, Collins, Burnett, Don Tracy, Capote, James M. Cain, Horace McCoy, Spillane, Chase etc. Obsérvanse estas mesmas carencias con autorías francesas consolidadas coma Léo Malet, Jean Amila, Terry Stewart, José Giovanni, Frédéric Dard, August Le Breton etc. E aínda é máis patente no caso de autorías contemporáneas de gran pulo comercial coma Indridason, Lehane, Kerr, Márkaris, Mankell, Winslow etc. quizais pola imposibilidade de asumiren as editoriais os elevados dereitos de tradución, o que fai que as autorías coetáneas de determinados subxéneros estean ausentes do catálogo galego (como a novela negra nórdica ou a nipona)²¹.

¹⁷ Podemos citar nese sentido, as traducións das seguintes novelas gráficas: *Morte no Nilo* e *Os catro grandes*, da man de Isabel Soto para El Patito editorial en 2011; ou a tradución *Contrato con deus* de Will Eisner realizada por Rafael Salgueiro para Rinoceronte en 2012 ou a tradución de *Fariña: a novela gráfica: historia e indiscrecións do narcotráfico en Galicia* de Luis Bustos feita por Hector Cajaraville para Xerais en 2019.

¹⁸ Referímonos, en concreto, a *Sherlock Holmes: os tres estudantes*, *Un estudio en escarlata*, *O carbúnculo azul*, *Sherlock Holmes: O vampiro de Sussex*, *Sherlock Holmes: a liga dos roibos*, *O signo dos catro*, *Os señores de Reigate* e *A inquilina do veo*, traducidas ao galego por Maruxa Zaera Landeira, para Bululú.

¹⁹ Citamos aquí as principais traducións adscribíbles a cada unha das etapas: de Poe, *Os crimes da rúa Morgue*. en tradución de Susana Rodríguez Barcia en 2009 para Cumio; de Conan Doyle hai 23 obras en galego entre 1985 e 2016 en varias editoriais con múltiples tradutores/as, entre as que destaca a colección Sherlock Holmes de Galaxia en tradución de Bieito Alonso e Manuel Vázquez ou tamén de Eva Almazán. A obra de Gaston Leroux *O misterio do cuarto amarelo* foi traducida por Xosé Sánchez Puga en 1986 para Xerais e retraducida en 2022 por Laura Corral para Aira editora. De Ágatha Christie publicáronse 8 obras en galego entre 2000 e 2012 en varias editoriais, en Galaxia creouse a colección: Biblioteca Agatha Christie. Desta mesma autora tamén se publicaron dúas traducións en versión novela gráfica en El Patito Editorial da man de Isabel Soto (vid. nota 17). As traducións de Hammett e de Chandler realizáronse en Hugin e Munin en tradución de Diego Ameixeiras e Alejandro Tobar. E, por último, de Simenon traducíuse *Maigret na escola*. en versión de Xosé Manuel Martínez Oca en 1992 para a editorial Vía Láctea.

²⁰ *A study in scarlet* foi traducido en 1986 para Xerais na colección Xabarin por Xavier Alcalá e Elena Baylle; en 1995 para Galaxia na colección Sherlock Holmes por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez e esa mesma tradución revisada inclúese en 2005 na colección Biblioteca Galega de Clásicos Universais (2005-2006) promovida polo diario *La Voz de Galicia*. No que respecta a *The hound of the Baskervilles*, esta obra foi traducida en 1987 para Xerais na colección Xabarin por Marisa Méndez e Gonzalo Navaza e en 2014 e para Vicens Vives por Eva Almazán. Pola súa parte, *The Sign of Four* foi traducido en 1995 para Galaxia na colección Sherlock Holmes por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez e retraducida en 2014 para Vicens Vives por Eva Almazán.

²¹ No STG contamos con algunha obra traducida de Jo Nesbø, mais pertencente ao xénero LIX. O mesmo acontece con Truman Capote, do que só rexistramos a tradución galega dunha obra doutro xénero en BITRAGA.

5.2.2. Literatura negra galega traducida

De acordo coa definición de *novela negra* (apartado 4 deste artigo) consideramos nesta categoría calquera obra narrativa de creación ou tradución na que, coa participación ou non dunha figura policial ou detectivesca, exista unha intriga, unha investigación criminal, un delito ou un crime. Recompilamos as referencias no *Subcorpus 3. Literatura negra galega traducida*, que suman un total de 99 traducións dun total de 59 orixinais en galego. A tradución a español ocupa un lugar relevante (52 referencias, 52,52 %), en parte porque a maioría son autotraducións (38, 38,77 %), algo bastante frecuente no sistema literario galego contemporáneo (Rodríguez Vega 2016: 339).




Gráfico 6. Linguas meta da literatura negra galega traducida (1980-2024). Elaboración propia

As traducións españolas insírense, principalmente, en coleccións e selos dos grandes grupos editoriais (Plaza & Janés, Ediciones B, Espasa, Harper Collins Ibérica, Fondo de Cultura Económica, Akal, Edhasa, Alfaguara, Alianza, Lumen e Siruela) en moitas ocasións en coleccións consagradas ao xénero. O resto das traducións, coa única excepción de Rivas e de De Toro, publicanse ben en editoriais galegas

que fan un esforzo desde Galiza por internacionalizaren as obras (Pulp Books de Rinoceronte ou Mar Maior de Galaxia), ben en editoriais de estranxeiras de ámbito galicianista (Small Station Press) ou, tamén, en menor medida en editoriais estranxeiras de ámbito restrinxido.

As outras linguas meta das traducións son o catalán (11 obras, 11,11 %)²², o inglés (7, 7,07 %)²³, o francés e o italiano (5 obras, 5,05 %)²⁴, o checo (4 obras, 4,04 %)²⁵, o alemán e o chinés (3 referencias en cada lingua, 3,06 %)²⁶, o sueco (2 obras, 2,04 %)²⁷ e o árabe, búlgaro, hebreo, grego, polaco, portugués e ruso ás que só se traduce unha obra galega²⁸ (1,02 %).

Algunhas destas últimas linguas son pouco habituais no STG e tradúcense obras galegas de longo percorrido, como podemos ver na táboa seguinte, na que figuran as obras de literatura negra galega con máis traducións rexistradas:

Obra	Autoría	Trad.	Linguas²⁹
<i>A praia dos afogados</i>	Domingo Villar	12	ES/IT/DE/EN/FR/PL/NL/SV/CS/PT/CA/ZH
<i>Ollos de auga</i>	Domingo Villar	9	ES/EN/DE/IT/SV/BG/HE/CA/ZH
<i>O último barco</i>	Domingo Villar	4	ES/CA/IT/ZH
<i>Todo é silencio</i>	Manuel Rivas	4	ES/EN/FR/AR
<i>Dime algo sucio</i>	Diego Ameixeiras	4	ES/DE/IT/CA
<i>Ambulancia</i>	Suso de Toro	4	ES/EL/CS/FR
<i>Trece badaladas</i>	Suso de Toro	4	ES/CA/CS/FR
<i>Beleza vermella</i>	Arantza Portabales	4	ES/IT/RU/CS

Gráfico 7. Obras de literatura negra galega máis traducidas. Elaboración propia

²² *Crime en Compostela* de Reigosa, *Sangue sobre a neve* de Forcadela, *Trece badaladas* de Suso de Toro, *Dime algo sucio* e *Un anarquista* de Diego Ameixeiras, *O corazón da Branca de Neve* de Francisco Castro, *Non hai noite tan longa* de Agustín Fernández Paz, *A culpa* de María Solar e as tres obras de criminal de Villar.

²³ *Un nicho para Marilyn* e *Lume de cobiza* de Miguel Anxo Fernández, *Criminal* de Xurxo Borrazás, *Todo é silencio* de Manuel Rivas, *Sen piedade* de Pedro Feijoo, e *Ollos de auga* e *A praia dos afogados* de Villar.

²⁴ En francés publicouse *Ambulancia* e *Trece badaladas* de Suso de Toro, *Todo é silencio* de Rivas, *Á de mosca* de Malvar e *A praia dos afogados* de Villar. En italiano pode lerse hoxe *Dime algo sucio* de Ameixeiras, *Beleza Vermella* de Portabales, *Ollos de auga*, *A praia dos afogados* e *O último barco* de Villar.

²⁵ En checo publicouse *A praia dos afogados* de Villar, *Ambulancia* e *Trece badaladas* de Suso de Toro. Acaba de saír a tradución de *Beleza vermella* de Portabales a esta lingua co título *Rudá krása*.

²⁶ En alemán publicouse *Dime algo sucio* de Diego Ameixeiras, *Ollos de auga* e *A praia dos afogados* de Domingo Villar; en chinés, as tres obras policiais de Villar.

²⁷ En sueco publicáronse *Ollos de auga* e *A praia dos afogados* de Domingo Villar.

²⁸ En concreto, publicouse en árabe *Todo é silencio* de Rivas, en búlgaro e en hebreo *Ollos de auga* de Villar, en polaco e en portugués *A praia dos afogados* do mesmo autor, en grego *Ambulancia* de Suso de Toro e en ruso acaba de publicarse en 2025 *Beleza vermella* de Portabales baixo o título *Krasota krasnaja* da editorial Inspiria.

²⁹ A notación das linguas faise en códigos ISO (https://www.loc.gov/standards/iso639-2/php/code_list.php consulta: 03/01/2024).

Estes datos singularizan a Domingo Villar como o autor de maior aceptación exterior, xunto a figuras centrais do xénero (Ameixeiras e Portabales) ou das letras galegas (Rivas e De Toro). A obra de Villar foi traducida en países nos que a literatura galega ten escasa difusión coma Polonia, República checa, Israel, China ou Suecia. De feito, é o único autor galego con tres obras publicadas en chinés e dúas en sueco. As traducións suecas resultan especialmente simbólicas, por ser na actualidade unha das literaturas máis destacadas en xénero negro e onde chegou a ser finalista do prestixioso premio Martin Beck da Academia Sueca de Novela Negra. Outros datos obxectivos acrecentan o seu legado, coma o elevado número de edicións das súas traducións españolas (Galanes 2023), as sucesivas reedicións das súas traducións³⁰ ou as edicións en formatos alternativos (peto e audiolibro) de varias das traducións e mais a adaptación a formatos audiovisuais (Galanes-Santos no prelo). O seu éxito exterior tivo repercusión tamén dentro das nosas fronteiras, se consideramos que o seu exemplo contribuíu a socializar o xénero negro e que se estimulou a creación no período central da súa actividade (2006-2022) (Gráfico 1).

O mercado de tradución da literatura negra galega resentíuse coa súa perda pois, na actualidade, máis alá das traducións a español e a catalán (de obra de Ameixeiras ou de María Solar) e ao inglés (publicadas por Small Station Press), só destaca pola súa incipiente traxectoria internacional Arantza Portabales. A súa obra no STG está traducida a italiano, ruso, checo ou hebreo³¹ e *Beleza vermella* está tamén dispoñible coma audiolibro en español, ao igual que *Un lume azul* de Pedro Feijoo.

6. Discusión

No sistema literario galego contemporáneo poden identificarse dous períodos importantes de cultivo da novela negra (Gráfico 1): un primeiro en torno á década de 1985-1995 e un segundo que se abre na estela do éxito de Domingo Villar (a partir de 2006 até a actualidade). Na primeira etapa da novela negra galega este xénero foi cultivado tamén por varios poetas (por ex. Forcadela ou Fonte), na segunda o transvase

ten lugar con autorías doutros xéneros, sobre todo de LIX (coma Leticia Costas, Francisco Castro, Elena Gallego Abad, Núñez Singala ou María Solar). O sector editorial propiciou o xénero na primeira etapa a través da creación de coleccións específicas (Cómplice e Negra) ou autorais (colección Sherlock Holmes, Agatha Christie e Conan Doyle). Pola contra, na actualidade non está activa ningunha colección especializada malia a que o volume de obras e autorías na última década é moi superior (*vid.* Gráfico 1). A atribución de premios, especialmente, a este xénero é moi significativa tanto na primeira como, sobre todo, na segunda etapa.

Aínda que algunhas voces da crítica amosan reticencias a aceptar un “boom da novela negra galega”, o certo é que esta consideración puramente comercial ten a súa base nas avultadas cifras de venda dalgunhas obras, nos premios e tamén na difusión exterior. Algunhas destas obras chegaron a espazos descoñecidos ou case descoñecidos para as letras galegas até o momento. A literatura galega conta con varias autorías supervendas ou recoñecidas en Galiza e en España (Villar, Feijoo, Ameixeiras e Portabales, por ex.), algunhas cultivan o xénero con continuidade (Ameixeiras, Esteban, Luaces, Feijoo, Miguel Anxo Fernández, Portabales, Quiroga, Tizón, Reigosa etc.) en propostas seriais, con detectives ou policiais cos que o público lector xa está familiarizado. Mesmo se no mercado internacional a tradución de novela negra é discreta, con excepción de Villar, De Toro e Rivas, e recentemente Portabales, non podemos deixar de salientar que o saldo de tradución de novela negra directa (96 traducións estranxeiras) e inversa (99 traducións de obra galega) é lixeiramente superior en exportación de referencias (Gráfico 8 *infra*) e é indicativo dunha certa relevancia en canto a que conta co seu público. Sobre todo, se o comparamos cos números globais da tradución en Galiza, nos que a tradución inversa supón aproximadamente un terzo do total dos fluxos de tradución (Gráfico 2).

Outro signo de vitalidade do xénero é a continua incorporación de novas autorías (e obras) nos últimos anos para as que a narrativa negra é, mesmo, a súa porta de entrada nas

³⁰ Seis edicións en inglés, en tradución de Sonia Soto e editada por Abacus (Little, brown Book Group), cinco edicións en neerlandés en tradución de Johan Rijskamp, publicada por Karakter, dúas en francés de Dominique Lepreux e varias en alemán.

³¹ En 2019 publicouse en hebreo *Deixe a súa mensaxe despois de oír o sinal*.

letras galegas, cuxo aumento de creación é exponencial no último lustro (2020-2024 Gráfico 1), en que se duplican o número de obras con respecto ao lustro inmediatamente anterior. Outra das novidades desta nova etapa é a consecución de premios, pois na última década de creación de literatura negra se concentran máis da metade dos premios que este xénero acadou en Galiza, xunto a recoñecementos exteriores coma os recibidos por Domingo Villar ou Diego Ameixeiras (premio Nacional da Crítica, Premio Pata Negra-Domingo Villar da Universidade de Salamanca ou ser finalista do Premio Hammett). Outro dos signos desta segunda etapa é a incorporación de autorías femininas relevantes (Leticia Costas, Elena Gallego Abad, Blanca Riestra, Arantza Portabales, María Solar etc.) xunto ás máis novas (Lucía Ferro, Irene Rega, Sara Vila, Marta Villar etc.).

No referido á tradución, o sistema literario galego importa referencias de literatura negra só dun número reducido de linguas se o comparamos cos datos globais do STG (Gráfico 3). De feito só se publica en galego obra negra das literaturas en lingua inglesa, española, francesa e italiana (Gráfico 5). A literatura negra galega traducida pode lerse nestes idiomas mais tamén noutras linguas (Gráfico 6), aínda que de modo moi minoritario. O inglés é a principal lingua fonte da literatura negra traducida ao galego, sobre todo de autorías clásicas, en coleccións autorais (Sherlock Holmes, Agatha Christie etc.) e, recentemente, en adaptacións para público LIX. Na tradución inversa, en cambio, salienta o español como a lingua de destino da maior parte da produción de obra galega (Gráfico 6). Iso vén confirmar que o paso pola tradución española semella ser a peaxe necesaria para a internacionalización da literatura galega. A escolma das obras máis traducidas (Gráfico 7) presenta unha nómina de autorías (case todos homes), que autotraducen a español a súa produción.

Estes datos de tradución de literatura negra singularizan o xénero con respecto á tradución literaria galega en xeral, non só porque se cinguen a un menor número de linguas (Gráfico 3), o que era esperable, senón tamén por que en certo modo se impón o círculo europeo

en directa e inversa de tradución de literatura negra, fronte ao círculo ibérico da inversa no STG, coa excepción do español en inversa. É dicir, non se importa apenas literatura negra escrita en catalán, éuscaro ou portugués, quizais por teren estes sistemas literarios unha escasa tradición no xénero, nin tampouco en español, dada a conxuntura sociolingüística galega.




Gráfico 8. Literatura negra traducida a galego ou do galego (1980-2024). Elaboración propia

A panorámica cronolóxica da tradución directa e inversa deixa ver que o cultivo do xénero en tradución garda relación en ambas as direccionalidades, ao reproduciren case a mesma traxectoria. Nese Gráfico 8 faise patente a existencia tamén en tradución de dúas etapas, aínda que máis serodias que no caso da creación (Gráfico 1), unha debida á existencia de coleccións específicas en directa e outra na estela da obra de Domingo Villar no período central da súa actividade literaria (entre 2006 e 2019).

O sistema literario galego presenta aínda moitas eivas no referido á súa autonomía e funcionamento. No que toca ao xénero negro, resulta rechamante que non exista na actualidade ningunha colección editorial específica consagrada á literatura negra (ou policial, ou de intriga) no momento en que este tipo de narrativa semella estar en auge. Esta falta de especificidade produce, ao noso ver, algo de confusión á hora de promover a exportación exterior de obras dese xénero. Do mesmo xeito que moitas das traducións de clásicos se publicaron erroneamente en LIX nos anos oitenta, hoxe encontramos algunhas pezas de negra galega en catálogos de LIX, o que supón un atranco para a súa visibilidade exterior³². Outra das notables carencias do xénero é a inexistencia de ningún

³² Pénsese nalgúnhas obras que inicialmente se incluían na colección Xabarán ou na adscripción a LIX de *Tes ata as dez*, publicado na colección Costa Oeste de Galaxia. A tradución, en ocasión, vén solucionar eses deslocamentos, pois a súa versión española figura en colección de adultos. En concreto, está editado en Suma de Penguin Random House, orientada ao entretemento de público adulto. Vid. apartado “sobre Suma” en: <https://www.penguinlibros.com/es/11333-suma> (consulta: 03/01/2024).

festival específico do xénero, máis aló das Xornadas de Novela Negra, organizadas pola Biblioteca Municipal de Verín, que van pola súa sexta edición, e dalgunha sección temática noutros eventos literarios, coma a SELIC de Santiago de Compostela³³. Esta pexa é especialmente sorprendente no caso das localidades, coma Vigo, que serviron de escenario das ficcións do xénero e que conta, polo tanto, dun grande potencial audiovisual inexplorado polo momento. O labor de fomento da transmedialidade do xénero é outra das materia pendentes pois, aínda que se estean a importar algunhas autorías en formato novela gráfica, son practicamente inexistentes as referencias de banda deseñada negra galega traducida. No referido ao audiovisual, non se está a explorar o capital literario acadado no exterior polas autorías galegas de novela negra, máis aló dalgunhas iniciativas individuais para promover a súa adaptación e nas que destaca o legado de Domingo Villar con proxectos xa finalizados e algún en curso. Pola súa banda, Arantza Portabales anunciou recentemente que está a traballar na actualidade na adaptación audiovisual de *A vida secreta de Úrsula* Bas e toda a serie de Abad e Barroso (Porto 2025).

No campo da tradución foron moitos os esforzos realizados polo sector editorial por ir incorporando autorías e obras de referencia ao catálogo de traducións do xénero, mais unha análise polo miúdo desvela importantes lagoas de repertorio, sobre todo no referido ás autorías coetáneas, así como unha enorme escaseza de obras en soportes propicios ao xénero, como as edicións de peto ou os audiolibros. Quizais unha estratexia editorial con apoio institucional ao xénero puidese resolver algúns deses problemas e tamén promover accións que favorezan a difusión exterior, como o sería a creación dunha colección específica para toda a produción negra, a organización dun festival do xénero que sirva de escaparate ás xeografías literarias do xénero negro galego ou o apoio á publicación de traducións ao galego de autorías contemporáneas. Todos iso redundaría, sen dúbida, nun maior recoñecemento exterior de autorías e obras, e tamén no dunha literatura que gañou lectores/as exponencialmente nos últimos anos.

7. Conclusións

Na introdución deste artigo formulabamos unha serie de preguntas de investigación sobre a literatura negra galega e a súa tradución no sistema literario galego. A achega de datos das páxinas anteriores permítenos avanzar na súa resposta.

Ao noso ver, a validación do concepto *boom da novela negra galega* precisa de estudos de Literatura comparada e de teoría e crítica da literatura que definan e acouten o concepto de boom literario e a súa aplicabilidade á panorámica esbozada. Se temos en conta o tamaño do sistema literario galego e do STG, a voluminosa produción de novela negra recente, o éxito de público e mais os premios acadados, estamos en condicións de afirmar que este xénero goza hoxe de excelente saúde e existe, en todo caso, un boom de público de novela negra galega.

Vivimos nun momento propicio para o xénero, como amosan os datos de creación e de tradución, que gardan relación. A creación de xénero negro comeza na segunda metade da década de 1980, é dicir máis tarde que a fase comercial da tradución galega (1975) e a tradución de xénero negro toma pulo a partir de 1990, como se reflicte nos nosos gráficos.

Nos datos globais do STG (1975-2020), a tradución directa e inversa na literatura galega contemporánea presentan un panorama de tradución da *fase comercial* no que a tradución inversa supón unha *ratio* estable dun terzo do total de obra traducida. Pola súa banda, na tradución do xénero negro esta *ratio* iguálase (*fase autónoma*). A tendencia xeral no STG desde 2010 é a publicar máis traducións de obra para público adulto (en directa e inversa) que de LIX (Gráfico 4), o que favorece o desenvolvemento, entre outros, do xénero novela negra. Así pois, tanto nunha coma noutra panorámica esa data, 2010, parece marcar un cambio de signo da tradución cara a unha fase máis autónoma. Nese sentido a *ratio* de tradución directa e inversa da literatura resulta singular.

Como tamén o é no referido aos circuitos de difusión. Importamos obra desde unhas poucas linguas (en orde segundo o volume, inglés, español, francés e italiano) pero exportamos referencias a polo menos 16 linguas. Se ben a presenza dalgunhas delas é puramente

³³ Esta sección temática suprimíuse na edición de 2025.

testemuñal, non se pode obviar o simbolismo de acceder a mercados coma o sueco, berce do *Noir nórdico* ao mercado chinés ou ao ruso. Se nos datos totais de tradución literaria galega (STG), a literatura LIX foi unha pica de lanza no circuíto ibérico dada a necesidade de lecturas que modernizasen o repertorio nas linguas estatais, na tradución da literatura do xénero prevalece un circuíto europeo tanto en tradución directa coma en inversa, con excepción do español, maioritario como lingua fonte.

Resulta evidente a relación entre creación e tradución no xénero da literatura negra, como se pode ver na periodización sucesiva que establecemos para creación (con inicio en 1984) para tradución directa (desde 1985) e para tradución inversa (desde 1990). Na primeira etapa de creación (anos 80 e 90) propiciouse fundamentalmente a tradución directa, que se incluía nas citadas coleccións específicas ou nas autorais. Na segunda etapa, medrou sobre todo a tradución inversa, na estela do acceso ao xénero de figuras recoñecidas no exterior (Rivas³⁴ e De Toro) e da emerxencia de figuras centrais no xénero coma Domingo Villar, Diego Ameixeiras, Pedro Feijoo ou Arantza Portabales. Consolidouse como vía de saída a (auto) tradución ao español mais non é esa a única estratexia válida para acceder a outros mercados, como o amosan as traducións galegas a outras linguas de Pulp Books e Mar Maior, as da galicianista Small Station Press ou a tradución francesa da obra de Malvar e as catalás de Solar e Ameixeiras, por exemplo.

Nas últimas décadas, foron importantes os esforzos editoriais por completar un catálogo de literatura negra traducida ao galego e hoxe, en moi pouco tempo, contamos con tradución galega das referencias centrais das subetapas do xénero, aínda que con moitas lagoas. Non é doado traspoñer toda a obra dun xénero internacional con máis dun século en pouco máis de tres décadas de tradución galega contemporánea. A través dos datos temos a certeza de que o público galego lector de novela negra accede ás novidades internacionais do xénero desde linguas distintas ao galego, especialmente no referido ás autorías contemporáneas. Temos tamén a convicción de que as autorías galegas de novela negra non leron as referencias clásicas do xénero en galego antes de 2010, de

feito iso levou a algúns creadores e editores a implicárense na tarefa de traducir ao galego novela negra. Quizais unha estratexia editorial planificada para completar coleccións, series e autorías, e deseñada para ofrecer lecturas coetáneas, evitaría retraducións innecesarias, afondaría no coñecemento de personaxes e tramas e contribuiría tamén á formación do público xeral no xénero.

Na primeira etapa de cultivo da novela negra galega os esforzos de creación e tradución canalizáronse a través de coleccións específicas que desapareceron do panorama galego. Na segunda etapa, que se inicia cos maiores éxitos de Villar (2006 e 2009), esa carencia prexudica, na nosa opinión, a difusión exterior do potencial creador actual. O camiño non quedaría limitado á mera edición de obra literaria en colección específica, senón que permitiría ademais explorar os camiños da transmedialidade e, polo tanto, singularizar, modernizar e promocionar a oferta de novela negra galega no exterior.

En canto ás estratexias editoriais para acceder ao espazo transnacional desde o xénero negro galego, podemos establecer un perfil da autoría de literatura negra galega, como a dun escritor ou escritora que cultiva o xénero, de modo exclusivo ou non, con recoñecemento do público galego e con premios nese ámbito (que sempre son unha boa carta de presentación para os editores/as á hora de vender os dereitos, Sapiro 2024: 71). Na actualidade publica a súa obra orixinal na colección xenérica dunha editorial galega e publica a versión (ou autotradución) española nunha editorial estatal, a poder ser de prestixio ou relevante no eido comercial, inserida nunha colección específica do xénero negro, o que lle dá visibilidade á obra. Outra das estratexias é a busca da transmedialidade, coma un segundo chanzo no proceso de internacionalización da súa obra, aínda que é polo momento moi minoritaria. Trátase dun perfil bosquejado a partir das autorías galegas principais no xénero actualmente. Existen, tamén, outros camiños hoxe para a internacionalización, coma o circuíto galicianista ou o académico.

Pola súa banda, o perfil actual do tradutor/a é o dun profesional da tradución que traballa por conta allea, para unha o varias editoriais, ou que emprende o seu propio proxecto editorial e

³⁴ Aínda que a primeira obra negra de Rivas, *Todo ben*, data de 1986 (con reedición revisada polo autor en 2010), a súa novela negra de maior repercusión é *Todo é silencio* (2010) que foi traducida a catro linguas.

planifica o catálogo de referencias de tradución estratexicamente desde o punto de vista cultural e económico. A tendencia nos últimos anos é a realizar traducións directas (non mediadas por unha lingua pasarela) e a que un mesmo tradutor/a se encargue, na medida do posible, da tradución de varias obras dunha mesma autoría. Se ben, existen outros perfís máis minoritarios coma o do editor, o escritor do xénero ou o crítico literario, que tamén traducen.

En definitiva, é obvio que o sistema literario galego ten moitos atrancos para a súa difusión exterior máis é tamén innegable que o

volume de creación e o recoñecemento acadado (premios galegos e estatais) fan parte das súas fortalezas. O noso estudo sobre o xénero negro, con figuras como Domingo Villar, Pedro Feijoo, Diego Ameixeiras, Manuel Rivas, Suso de Toro, Arantza Portabales e tantas outras novas voces, amósanos que existe un público interior e exterior para a creación galega. Cómpre, pois, deseñar desde a cultura galega unha acción exterior estratéxica para a tradución literaria e transmedial do xénero que, sen exotizar a creación orixinal, amplíe o seu recoñecemento internacional.

8. Referencias bibliográficas

- Ameixeiras, Diego (2023): “Y entonces llegó Domingo Villar”, en J. Sánchez Zapatero e À. Martín Escribà (eds.), *Domingo Villar. El artesano de la palabra*. Salamanca / Madrid: Congreso de Novela y Cine Negro de la Universidad de Salamanca / Siruela, pp. 79-84.
- Biblioteca Nacional de España (2014): *Novela policiaca: guía de recursos bibliográficos*. BNE, https://www.bne.es/es/Micrositios/Guias/novela_policiaca/resources/pdfs/novela_policiaca.pdf [consulta: 03/01/2024].
- Bokobza, Anaïs (2008): “Légitimation d’un genre : la traduction des polars”, en G. Sapiro, *Translatio. Le marché de la traduction en France à l’heure de la mondialisation*. París: CNRS éditions, pp. 287-306.
- Capuzzolo, Annamaria (2010): “Historias de pre-detectives. Entrevista con Carlos G. Reigosa”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 13, pp. 201-208, <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/MADR1010110201A> [consulta: 03/01/2024].
- Casanova, Pascale (1999): *La République Mondiale des Lettres*. París: Seuil.
- Casares, Carlos (dir.) (2003): *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2003, http://culturagalega.org/especiais/aviles/catalogo_traducidas.pdf [consulta: 03/01/2024].
- Domínguez, César (2019): “Genres as Gateways to the World for Minor Literature: The Case of Crime Fiction in Galicia”, *Recherche littéraire/Literary Research* 35, pp. 81-98, <https://www.peterlang.com/document/1114321> [consulta: 03/01/2024].
- Dopico, Montse (2012): “Furar na trastenda social: a novela negra como metáfora da desintegración”, *Praza Pública* 09/11/2012, <https://praza.gal/cultura/furar-na-trastenda-social-a-novela-negra-como-metaphora-da-desintegracion> [consulta: 03/01/2024].
- Even-Zohar, Itamar (1978): “The Position of Translated Literature within the Literary Polysystem”, en J. S. Holmes, J. Lambert e R. van den Broeck (eds.), *Literature and Translation: New Perspectives in Literary Studies*. Leuven: Acco, pp. 117-127 [citado pola versión española: “La posición de la literatura traducida en el polisistema literario”, en I. Even-Zohar (1999): *Teoría de los Polisistemas. Estudio introductorio*. Madrid: Arco, pp. 223-231; traducido por M. Iglesias Santos].
- Fernández Rodríguez, Áurea; Iolanda Galanes Santos, Ana Luna Alonso e Silvia Montero Küpper (2012): *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*. Lausanne: Peter Lang Verlag. DOI: <https://doi.org/10.3726/978-3-0351-0464-6>.
- Forcadela, Manuel (s.d.): “Sobre a novela negra galega”, Academia.edu, https://www.academia.edu/26529901/Sobre_a_novela_negra_galega [consulta: 03/01/2024].
- Galanes, Iolanda (2023): “Domingo Villar: Traducción e impacto”, *Transfer* 18, pp. 1-23. DOI: <https://doi.org/10.1344/transfer.2023.18.40574>.
- Galanes Santos, Iolanda (2024): “Ámbito galego. Literatura traducida a galego (1975-2020)”, en J. Franco Aixelà (dir.), *Enciclopedia de Traducción e Interpretación*. AIETI DOI: <https://doi.org/10.5281/zenodo.10944041>.
- Galanes-Santos, Iolanda (no prelo): “Domingo Villar, autor gallego transnacional”.
- Gómez Melenchón, Isabel (2022): “Criminal y gallega”, *La Vanguardia* (Barcelona) 01/10/2022, <https://www.lavanguardia.com/cultura/culturas/20221001/8541442/novela-negra-noir-galicia-series.html> [consulta: 03/01/2024].

- González Gómez, Xesús (2002): *A novela policial. Unha historia política*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Guyard, Emilie (2010): “Otra maldita novela negra ! : le boom du polar espagnol”, *Les Langues néo-latines: revue de langues vivantes romanes* 354, pp. 89-109, <https://univ-pau.hal.science/hal-02171747v1> [consulta: 03/01/2024].
- Heilbron, Johan e Gisèle Sapiro (2016): “Translation: Economic and Sociological Perspectives”, en V. Ginsburgh e S. Weber (eds.), *The Palgrave Handbook of Economics and Language*. London: Palgrave Macmillan, pp. 373-402. DOI: https://doi.org/10.1007/978-1-137-32505-1_14.
- Lahmédi, Moez e Kamel Feki (2021): *Les Nouveaux Avatars du roman policier*. París: Classiques Garnier.
- Lama López, María Xesús (2014): “Novela negra ou hibridación do xénero? A cara máis íntima do mal en *Todo é silencio* de Manuel Rivas”, *Abriu* 3, pp. 97-109. DOI: <http://dx.doi.org/10.1344/abriu2014.3.6>.
- Lema, Carlos (2009): “Importación e exportación de textos literarios. Unha crítica á noción de literatura mundial como paradigma”, *Grial. Revista Galega de Cultura* 182, pp. 120-135.
- Lemaitre, Pierre (2020): *Dictionnaire amoureux du polar*. París: PLON.
- Linares, Laura (2021): “Bridge building or armchair traveling? The reception of the English translations of Manuel Rivas and Domingo Villar”, *Viceversa. Revista galega de tradución* 21, pp. 63-91. DOI: <https://doi.org/10.35869/viceversa.v0i21.3459>.
- López, Teresa (2019): “Narrativa criminal escrita por mulleres: cinco novelas galegas”, *Estudios Románicos* 29, pp. 295-306. DOI: <https://doi.org/10.6018/ER/377351>.
- Lorenzo Gil, César (2020): “O ‘boom’ da novela negra viguesa e do xornalismo cultural”, *Biosbardia* 17/01/2020, <https://biosbardia.wordpress.com/2020/01/17/o-boom-da-novela-negra-viguesa-e-do-xornalismo-cultural/> [consulta: 03/01/2024].
- Losada Soler, Elena (2015): “Matar con un lápiz. La novela criminal escrita por mujeres”, *Lectora: revista de dones i textualitat* 21 (oct.), pp. 9-14, <https://revistes.ub.edu/index.php/lectora/article/view/105.000002458/17651> [consulta: 03/01/2024].
- Melchor, Borja (2025). “«El último barco», de Domingo Villar, se recreará en una serie”, *Faro de Vigo* 06/06/2025, <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2025/06/06/ultimo-barco-domingo-villar-recreara-118285526.html> [consulta: 15/06/2025].
- Miranda Rodas, M.^a Blanca (2023): “O último barco de Domingo Villar en francés: problemas e técnicas de tradución”, *Revista Galega de Filoloxía* 24, pp. 67-88. DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2023.24.0.9753>.
- Mociño González, Isabel (2015): “Literatura infantil y juvenil gallega la importación de traducciones”, en A. Luna Alonso, Á. Fernández Rodríguez, I. Galanes Santos e S. Montero Küpper (eds.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural: hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*. Bern: Peter Lang, pp. 105-126. DOI: <https://doi.org/10.3726/978-3-0351-0760-9>.
- Novás, G. (2024): “Leo Caldas continúa a súa feliz andaina”, *La Voz de Galicia* 01/11/2024, https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2024/11/01/span-langgllleo-caldas-continua-sua-feliz-andainaspan/0003_202411E1P39991.htm [consulta: 03/01/2024].
- Núñez Sabarís, Xaquín (2020): *Cartografías da narrativa galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- (2023a): “Ficción policial e negra galega”, en *Vigo noir. Xeografías literarias e relacións intersistélicas na novela negra galega* (*Tintas: Quaderni di Letterature Iberiche e Iberoamericane* 9). DOI: <https://doi.org/10.34622/datarepositorium/UFZEZC>.
- (2023b): “Mapas do noir galego: literatura, cinema e televisión”, en W. Fioruci. *O xénero policial na contemporaneidade: entre pistas e sospeições*. Curitiba: Universidade Tecnológica Federal do Paraná (no prelo).
- Porto, H. J. (2025): “Arantza Portabales, escritora: «Non podes gustar a todo o mundo, hai xente que non soporta a García Márquez e eu mesma non podo con Juan Rulfo»”, *La Voz de Galicia* 22/01/2025, https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2025/01/22/span-langglnon-podes-gustar-hai-xente-non-soporta-garcia-marquezspan/0003_202501G22P34991.htm [consulta: 15/06/2025].
- Pousada Pardo, Verónica (2016): “A figura do detective na novela negra galega: Leo Caldas, Frank Soutelo, Horacio Dopico e Toni Barreiro”, *Boletín Galego de Literatura* 48/1, pp. 29-44. DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.48.3164>.
- Requeixo, Armando (2011): “Novela negra galega”, *Criticalia* 06/10/2011, <https://armandorequeixo.wordpress.com/2011/10/06/novela-negra-galega/> [consulta: 03/01/2024].
- Rivero Grandoso, Javier (2011): “Crímenes y humor en las novelas de Domingo Villar”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 14, pp. 109-116. DOI: https://doi.org/10.5209/rev_MADR.2011.v14.11.

- Rodríguez Alonso, Manuel (2004): “A narrativa galega no remate do século XX (1975-2000): intento de sistematización”, *Revista de Linguas y Literaturas Catalana Gallega y Vasca* 10, pp. 119-133, <http://e-spacio.uned.es/fez/view.php?pid=bibliuned:19931> [consulta: 03/01/2024].
- Rodríguez Vega, Rexina (2016): “Panorama de la autotraducción en Galicia : la especificidad del trasvase entre lenguas en contacto en contexto diglósico”, *Pasavento. Revista de Estudios Hispánicos* 2, vol. IV, pp. 329-346, <https://ebuah.uah.es/dspace/handle/10017/26040> [consulta: 03/01/2024].
- Salgado, Daniel (2022a): “Muere Domingo Villar, el escritor que catapultó la novela negra gallega de la mano del inspector Caldas”, *Eldiario.es* 18/05/2022, https://www.eldiario.es/galicia/muere-domingo-villar-escriptor-catapulto-novela-negra-gallega-mano-inspector-caldas_1_8997762.html [consulta: 03/01/2024].
- (2022b): “Diego Ameixeiras: «La novela negra está demasiado espectacularizada, el delito está más cerca de lo que pensamos», *Eldiario.es* 15/11/2022, https://www.eldiario.es/galicia/diego-ameixeiras-novela-negra-espectacularizada-delito-cerca-pensamos_128_9700441.html [consulta: 03/01/2024].
- Sánchez Zapatero, Javier (2014): “Domingo Villar. Novela negra con sabor gallego”, *Signa: Revista de la Asociación Española de Semiótica* 23, pp. 805-826, <https://revistas.uned.es/index.php/signa/issue/view/764> [consulta: 03/01/2024].
- Sapiro, Gisèle (2008): *Translatio. Le marché de la traduction en France à l'heure de la mondialisation*. Paris: CNRS éditions.
- (2024). *Qu'est-ce qu'un auteur mondial ? Le champ littéraire transnational*. Paris: EHESS / Galimard / Seuil (col. Hautes études).
- Tizón Barral, Antonio (2022): “El género negro en Galicia: la novela mulata”, en J. Sánchez Zapatero e À. Martín Escribà (eds.), *Reescrituras del género negro. Estudios literarios y audiovisuales*. Madrid: Dykinson, pp. 131-140.
- Vilavedra, Dolores (2010): *A narrativa galega na fin de século*. Vigo: Galaxia.
- Webster Ayuso, Julia (2021): “Galician noir: how a rainy corner of Spain spawned a new TV genre”, *The Guardian* (Londres) 03/03/2021, <https://www.theguardian.com/world/2021/mar/03/galician-noir-how-a-rainy-corner-of-spain-spawned-a-new-tv-genre> [consulta: 03/01/2024].